

21/22

09-09-2021

PLAN DE

CONTINXENCIA

CEIP AS BIZOCAS



Contenido

1. INTRODUCCIÓN	2
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO	2
3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	4
a. XENERALIDADES	4
b. AULA VIRTUAL.....	5
c. HORARIOS ESPELLO.....	6
4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	8



1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Continxencia do CEIP As Bizocas ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial na aula/etapa educativa/centro.

Este documento está permanentemente aberto ao cambio, para seguir as diferentes normativas que vaian aparecendo durante este curso escolar.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles co COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocarásella unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, no caso de non tela previamente), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A familia deberá chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, au ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirán as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de



gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo debe seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- No suposto da aparición dun caso de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo e fará uso da aplicación Educovid, incluíndo os contactos estreitos da persoa afectada.

A Dirección do centro porase en contacto coa Inspección Educativa, quen marcará os pasos a seguir cando xa se deu a aparición dun expediente en Educovid.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico (PCR). Se non houber cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria. Antes de acudir ao PAC daránlle as indicacións oportunas para o desprazamento e acceso á instalación.
- Tras a aparición dun caso diagnosticado da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (parte dunha aula, aula completa ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:



- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de tres casos positivos confirmados nos últimos sete días poderase acordar a medida de peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos dez días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena ás persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación dos niveis de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

a. XENERALIDADES

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través do material disponible (equipos informáticos), ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a



disposición a Consellería. Igualmente o profesor poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia a avaliación continua da mesma.

O equipo covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto da suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Actualizar a aula virtual dos niveis efectuados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

b. AULA VIRTUAL

No noso centro, o CEIP As Bizocas, temos creadas tanto as aulas como os usuarios para todo o alumnado e todo o profesorado, non obstante, nun principio a Aula Virtual será empregada de 3º a 6º de Educación Primaria.



Teñen acceso á Aula Virtual tanto os titores/as coma os diferentes especialistas (educación física, música, inglés, relixión, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe).

Nesta plataforma os mestres/as colgarán o traballo diario e poderán falar co alumnado por medio dos foros incluídos en cada curso. Será a plataforma principal, na que se darán os avisos para outros tipos de contacto (correo electrónico, videochamada con cisco webex, correo edixgal, chamada telefónica, etc.).

c. HORARIOS ESPELLO

Para os grupos que traballen co Aula Virtual (3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria), créanse uns horarios espello que deberemos cumprir en caso de teletraballo.

Créanse catro rangos horarios nos que os mestres/as programarán videochamadas para realizar explicacións, presentar o traballo, resolver dúbidas, ou levar a cabo calquera tarefa educativa que requira do contacto directo que proporciona a chamada de vídeo.

Os rangos para as videochamadas serán os seguintes:

- De 9:30 a 10:00.
- De 10:30 a 11:00.
- De 12:00 a 12:30.
- De 13:00 a 13:30.

Os rangos son de 30 minutos, os 10 minutos previos serán para realizar a conexión e os 10 últimos para pechar a sesión, polos problemas técnicos que puidesen xurdir.



Os tres primeiros rangos horarios empregaranse para traballo xenérico no que participe todo o grupo, facendo pequenos grupos de 5 ou 6 alumnos/as como máximo para asegurarse a viabilidade da videochamada.

Por exemplo, nun grupo de 15 alumnos/as, as videochamadas para un determinado día poderían quedar da seguinte maneira:

- *De 9:30 a 10:00 os primeiros cinco alumnos/as.*
- *De 10:30 a 11:00 os seguintes cinco.*
- *De 12:00 a 12:30 os últimos cinco.*

Os horarios poden ir rotando e atenderán tamén á situación de cada familia, dando así varias opcións para que o alumnado asista a estas videochamadas.

Estes tres rangos horarios poderán ser empregados tamén polos especialistas, de ser necesario. Neste caso coordinaranse os titores/as cos especialistas das diferentes materias para ver a necesidade de videochamadas e realizar un horario conxunto semanal no que se inclúan videochamadas de diversas materias.

O rango horario de 13:00 a 13:30 funcionará como consultorio de dúbidas, no que poderán participar tantos alumnos/as como estean interesados en resolver algunha dúbida ou comentar algo cos mestres/as. Para ser atendidos nunha videochamada deste rango horario, o alumno/a, (ou a familia no caso dos de 3º de Educación Primaria, se non se valen por sí mesmos na Aula Virtual), deberá pedir cita cun mínimo de 24 horas de antelación ao seu titor/a, que se porá en contacto, de ser o caso, cos mestres/as especialistas e posteriormente confirmará a cita ao alumno/a.

O traballo diario deberá estar colgado ás 9:00 horas. O restante espazo horario estará cuberto coa corrección de tarefas e coa preparación das clases.

O profesorado levará un rexistro diario da actividade telemática a través do documento facilitado pola Consellería, que será entregado semanalmente na Dirección do centro educativo (poderase entregar escaneado vía email).



4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

- **Fase 1 (adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo covid do centro o que estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis dun metro entre eles.
- Redefinición dos circuitos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada (se fose o caso).

- **Fase 2 (formación de pequeno grupo)**

Duración: Unha semana.



A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será de entre o 30 e o 60 %. Esta fase é fundamental para a adquisición polo alumnado das medidas de hixiene e de distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-COV-2.

• **Fase 3 (reforzó das medidas aprendidas en pequeno grupo)**

Duración: Unha semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será de entre o 60 e o 100%.

Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun maior número de alumnos/as.



- **Fase 4 (fase de reactivación)**

Duración: Unha semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula un metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzó e fomento dos hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.